

Data de publicación: 2 de abril de 2009

Unha rapaza nun barco: protagonistas femininas, feminidade das protagonistas

Marilar Aleixandre analiza neste artigo os motivos polos que na meirande parte das súas novelas as protagonistas son mozas. Esta viaxe pola propia obra leva consigo unha reflexión sobre a feminidade dos personaxes que asumen certos roles tradicionalmente reservados aos varóns e que ela define como “rapazas femininas que non renuncian a expresar as súas emocións, a usar a palabra, antes que unha acción violenta, para resolver un conflito; a seren presumidas”. Interesantes observacións dunha autora que se resiste a establecer maniqueísmos entre homes e mulleres.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / xenero@consellodacultura.org

Unha rapaza nun barco: protagonistas femininas, feminidade das protagonistas

Marilar Aleixandre

¿Por que é rapaza a protagonista d'*A expedición do Pacífico*? Antes de discutir esta cuestión, interésame chamar a atención sobre a asimetría que está na orixe da pregunta: ningún escritor é solicitado para reflexionar sobre a prominencia de mozos protagonistas nos seus libros. Porén, o interrogante do que parte este artigo non procede unicamente de quen investigan na Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), ou da petición do Álbum de Mulleres dunha análise sobre a prominencia de rapazas protagonistas nas miñas obras. Algunha vez tiven que responder a el en encontros con adolescentes.

Certo que, entre as distintas novelas protagonizadas por mozas das que son autora, *A Expedición do Pacífico* é a única que suscitou algunhas veces esta pregunta. Aínda que Paula, a protagonista de *Rúa Carbón*, ten que enfrontarse a situacións moito máis difíciles que as encontradas por Emilia no Amazonas, ninguén pon en dúbida a súa capacidade para facelo. Noutro traballo (Aleixandre, 2005) discútese polo miúdo as razóns polas que é o papel de Emilia o único que foi cuestionado. A miña hipótese é por seren raros (até hai pouco) os libros de aventuras, no sentido clásico, protagonizados por rapazas. Emilia agóchase como polisión nunha goleta que navega cara ao Brasil en 1869, no período revolucionario que daría orixe á proclamación da República; como os outros tripulantes da *Resolución*, ten que facer fronte a unha tempestade na que falta pouco para que caia ao mar, navega polo río Amazonas en canoa e explora a selva tropical, servindo de alimento a algúns dos seus habitantes de menor tamaño, como mosquitos e carrachos (asegúrovos, por experiencia propia, que na selva tedes moitas máis probabilidades de coñecer de perto aos carrachos que aos ocelotes). Creo que se a

novela estivese situada nun contexto fantástico o protagonismo de Emilia sería aceptado sen problemas; hai moitos contos tradicionais, como Barba Azul, nos que é unha rapaza quen leva o peso da historia.

Hai un aspecto especialmente transgresor no comportamento de Emilia, pois fai a viaxe disfrazada de rapaz, baixo o nome de Marcos. Cando escribín a novela non sabía que Emilia, ao cortar o cabelo e facerse pasar por varón, lonxe de levar a cabo un acto extraordinario, só ao alcance dos personaxes de ficción, estaba seguindo os pasos de ducias de mulleres que nos séculos XVIII ou XIX non tiveron outra alternativa para navegar. Porén, lembremos que disfrazarse de home foi considerado durante moitos anos un grave delicto, precisamente a acusación que levou á fogueira a Xoana de Arco. ¿Iso foi hai moitos séculos? Certo, mais aínda en novembro de 2003, en Irán, un tribunal islámico condenou a sete rapazas á pena de 50 lategazos por disfrazarse de homes.

¿A cuestión é disfrazarse de varón ou querer facer as cousas que fan os varóns? ¿Ten Emilia un problema de identidade? ¿Teñen problemas de identidade as protagonistas das nosas novelas ás que enviamos a navegar en barcos de vela, ou a facer as cousas normalmente reservadas aos rapaces? Desde logo, Emilia / Marcos experimenta un serio conflito de identidade:

"—Cando sexa máis vella tamén irei nunha expedición ás selvas americanas.

—Mais, Emilia —argumentaba miña nai coa súa tranquila voz—, as mulleres non andan por aí nas selvas. Cando teñas a idade de Andrés estarás casada e até pode que teñas un ou dous fillos, como me ocorreu a min aos vinte e un anos."

Non, a única oportunidade que ten Emilia de viaxar ao Amazonas é agocharse nun camarote da *Resolución* mentres aínda ten doce anos e pode facerse pasar por rapaz. Pois cando acabe a viaxe e regrese a casa con dezaseis anos todos esperarán que se

comporte como unha señorita, no canto de agabear ás árbores, e que empregue máis tempo en bordar que en mirar polo microscopio. Máis que querer ser un rapaz, Emilia quere facer o que poden facer os rapaces como seu irmán Andrés, estudar zooloxía, matricularse na universidade, cousas que estaban vedadas para as rapazas de finais do século XIX. Disque a universidade de Santiago de Compostela, na que eu traballo, existe desde hai máis de cincocentos anos. Porén as mulleres non foron admitidas nela até 1914, no que as xemelgas Elisa e Jimena Fernández de la Vega, nadas en 1895, comezaron medicina. Se Emilia fose un personaxe real tería daquela case sesenta anos. Non pode estrañar que Emilia teña un conflito de identidade ¿como ía desexar un destino que consistía unicamente en casar, ter fillos e coidar da casa?

Mais Emilia tamén quere ser rapaza, e hai momentos na novela en que está encabuxada consigo mesma por non poder namorar a Diego, desexando vestir outra vez vestidos de amplas saias, bailar con Diego, bicarse con el. Non é que as mozas queiran ser mozos, o que queren é ter abertos todos os camiños.

Esta parte da identidade de Emilia, ou até que punto é feminina, lévame a unha segunda cuestión: a feminidade das rapazas ás que situamos en roles tradicionalmente reservados aos varóns. Como di María Reimóndez (2007), son nenas que xa non queren ser nenos. Son rapazas femininas que non renuncian a expresar as súas emocións, a usar a palabra, antes que unha acción violenta, para resolver un conflito; a seren presumidas. Rapazas que, como Carlota (*A banda sen futuro*) sofren cando teñen que rapar o cabelo ao cero, pois queren estar guapas; que mesmo agardan ás veces a que o mozo que está cego por elas tome a iniciativa de propoñerlle ir xuntos ao cine, como ocorre con Jessica e Artur (*A cabeza de Medusa*). ¿Por que esta tensión entre o desafío ás convencións e aos estereotipos de xénero (que corresponde á posición da autora) e o reflexo dalgunha destas convencións nos seus personaxes?

Isto é porque, en primeiro lugar, os personaxes deben ser de verdade, cribles, tanto nas novelas realistas como nas fantásticas, e a inmensa maioría das rapazas son femininas, aínda que isto afortunadamente non significa que adopten roles pasivos ou que contemplan como único horizonte do seu futuro a vida doméstica. En segundo lugar os personaxes das novelas, sexan varóns ou mulleres, non teñen por que compartir as ideas da autora sobre os estereotipos de xénero, aínda máis, é saudábel que sexan distintos que, como Poch, n'*A banda sen futuro*, leve a contraria a Carlota, a pesar de ser un produto da súa imaxinación. É por esa razón pola que en moitas desas novelas son as nais quen fan a comida, como ocorre na meirande parte das casas, aínda que nalgún caso usen a retranca para referirse á falta de habilidades domésticas dos seus homes, así a nai de Sofía (*A cabeza da Medusa*), quen dubida de que seu home sexa capaz de localizar dous calcetíns do mesmo par. Por suposto isto non quita que as rapazas destas novelas se comporten de forma transgresora, desde Emilia, introducíndose nunha expedición de homes, a Sofía escribindo relatos que expresan explicitamente o desexo sexual.

Porque as mulleres (as de verdade e algunhas que creamos na ficción) queremos ter a posibilidade de facer todo o que soñemos sen ter que renunciar por iso á nosa identidade. Outra cuestión, que levaría moito espazo analizar, é o significado, ou os significados de feminidade. Desde logo non necesariamente levar sempre vestidos vaporosos (algunha vez si que presta), e moito menos conformarse con roles secundarios. Mais, tal como somos socializadas, ten trazos que a diferencian da masculinidade e a algúns deles non queremos renunciar. Se un día no futuro os roles de xénero chegan a esborracharse e feminidade e masculinidade a fundirse, as novelas serán outras. Por fortuna estes roles están mudando e mudarán aínda máis. Mais como indica Montserrat Pena (2007) na súa crítica ás propostas narrativas das feministas

italianas, uns cambios de roles drásticos daban lugar a unha intención didáctica axiña percibida polos nenos e nenas.

Unha discusión dos personaxes de mulleres e rapazas nas miñas novelas xuvenís quedaría incompleta se non tratase os personaxes masculinos. Nisto, como noutras dimensións, puxen todo o coidado posíbel en non caer en maniqueísmos. Voume centrar n'*A cabeza da Medusa*, que polo seu contido, a amplificación social da violación física que sofren as protagonistas, Sofía e Lupe, ao comezo da novela, debía evitar o risco de establecer unha dicotomía entre personaxes femininos positivos e personaxes masculinos negativos. *A cabeza da Medusa* é unha novela na que non é preciso xustificar que as protagonistas sexan mozas, pois aborda unha experiencia específica das mulleres: seren violadas (por descontado que tamén hai varóns que sofren violacións, mais son casos menos frecuentes e en contextos moi específicos).

A verdade é que Sofía e Lupe, sobre todo a primeira, personaxe central do libro, teñen que afrontar unha situación difícil: vencer ao medo e á vergoña e nesa tarefa o amor, simbolizado no libro polos amorotes ventureiros, xoga un importante papel. Lin unha vez un artigo sobre as novelas de Jane Austen no que se dicía que a autora sempre se preocupaba de encontrarlles un bo noivo ás súas protagonistas (todas mulleres, por certo). Sofía, Lupe, e as súas amigas Celia e Jessica pasan por momentos amargos, mais tamén teñen mozos encantadores, sexan intelectuais como Rubén, ou feitos da cerna, como Artur, que pode deitar por terra a un insolente dunha labazada (talvez iso non sexa politicamente correcto, mais estas cousas ocorren). Unha amiga que leu a novela díxome que Matías, o mozo máis guapo da clase, aquel co que Celia, o parruliño feo, non se atreve a soñar, era demasiado anxélico. Porén Matías é, de todos os personaxes d'*A cabeza da Medusa*, quen máis está modelado sobre unha persoa real: o meu amigo Xan Traba que morreu subitamente hai dous anos. Aínda que Matías ten os ollos grises

e Xan os tiña verdes, parécense en moitas cousas: ambos son tan guapos que, como di Lupe, nubran a vista; ambos son feministas (mesmo se Matías non se define como tal explicitamente en ningunha páxina). Hai homes, hai rapaces como Matías, como Xan, como Rubén, e convén facerlles xustiza.

Non sei se con isto contestei á pregunta que se facía ao comezo. O certo é que as novelas non son obras de enxeñeiría, que case nunca pensamos en frío: "vou escribir unha novela de aventuras na que a protagonista sexa unha moza", senón que a primeira idea de escribir *A expedición do Pacífico* xa incluía a Emilia a bordo da goleta. Do mesmo modo tería que indicar que as reflexións destas páxinas son análises a posteriori, que os personaxes vanse configurando pola súa conta, sen responder a un prototipo ideal entrevisto na parede dunha cova. Claro que se metín a Emilia na *Resolución*, sen dúbida foi porque, como María Reimóndez, botaba de menos nenas coas que identificarme cando lía novelas. E non é alleo á identidade das miñas protagonistas o feito de eu ser feminista. Porque en realidade eu debo a Emilia, ás Emilias das que o personaxe tomou o nome, a Pardo Bazán, e Emilia Docet, a única muller galega que participou nos mítins da campaña do estatuto en 1936, ter estudado zooloxía e viaxado ao Amazonas sen ter que disfrazarme de home. Algo tiña que restituírlles mesmo se toma forma de novela.

Referencias

Aleixandre, M. (2005) ¿Por qué es una niña la protagonista? La identidad de "la otra" en la narración. Comunicación ao III Congreso Ibérico de Literatura Infantil y Juvenil. Valencia, xuño.

Pena Presas, M. (2007) Sobre rosas e azuis na literatura infantil galega. En: De nenas e de libros. Monográfico LIX. Consello da Cultura Galega

http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=55)

Reimóndez Meilán, M. (2007) Unha páxina máis. En: De nenas e de libros.

Monográfico LIX. Consello da Cultura Galega

http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=55)